



CONGRESO DE LOS DIPUTADOS
SECRETARÍA GENERAL
REGISTRO GENERAL

03 MAY. 2024 19:06:47

Entrada **23922**

Pregunta ao Gobierno con resposta escrita

Competencia	Competencias de la Cámara
Subcompetencia	Control e información
Tipo Expediente	184-Pregunta al Gobierno con respuesta escrita.

Fdo.: Néstor REGO CANDAMIL
Diputado



Á MESA DO CONGRESO

O deputado do **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, Néstor Rego Candamil, adscrito ao GRUPO PARLAMENTAR MIXTO, ao abeiro do establecido no artigo 185 e seguintes do Regulamento do Congreso dos Deputados, formula as seguintes **preguntas dirixidas ao Goberno para a súa resposta escrita relativas á rexeneración e saneamento da Ría de Betanzos.**

A Ría de Betanzos leva anos esperando polo seu saneamento integral. A pesar de que se inclúe dentro da Rede Natura 2000 e que se atopa en plena Reserva da Biosfera das Mariñas e Terras do Mandeo, as verteduras seguen producíndose continuamente sen ningunha consecuencia e sen solución de futuro.

Desde distintas administracións, incluía a Xunta de Galiza, recoñécense puntos de vertedura á ría nos distintos concellos como Miño, Betanzos ou Bergondo, onde é sobradamente coñecido o funcionamento incorrecto das depuradoras existentes que, en moitos casos, non diferencia entre pluviais e fecais, así como a carencia de tanques de tormentas que provoca problemas nas redes de saneamento nas épocas de choiva. Tamén debe destacarse o deficiente saneamento doutros concellos como o de Paderne, que carecen de sistema de depuración propio e onde se conta tan só con decantadoras.

A Ría de Betanzos non só é unha importante área natural que debe ser rexenerada e protexida, senón que conta cun alto potencial produtivo sobre todo en acuicultura. Na actualidade existe actividade extractiva de marisqueo con catro polígonos, explotados pola Confraría de Miño, dúas deles catalogados como zona B pola contaminación da auga, unha zona C e unha C estacional. Esta situación provoca unha evidente perda de emprego no sector





do marisqueo que, de contar coas condicións óptimas, podería ter un maior desenvolvemento.

A mala calidade da auga e o deber de enviar o marisco á zona de reinstalación na parte externa da Ría de Ferrol impide que creza a actividade extractiva polas evidentes perdas que xera.

Con todo, os Orzamentos Xerais do Estado non previron ningunha actuación para a mellora da calidade das augas na Ría de Betanzos nin ningunha acción concreta para a mellora do saneamento nos distintos concellos bañados pola Ría de Betanzos.

Polos motivos expostos, o BNG formula as seguintes preguntas ao Goberno:

1. Ten previsto acometer algunha actuación para a mellora da calidade das augas na Ría de Betanzos que necesita de forma urxente implementar medidas de depuración e saneamento que permitan o uso das praias e a recuperación de bancos marisqueiros?
2. De ser así, Cales son estas accións previstas? En que fase de tramitación atópanse e cando se prevé a súa posta en marcha?

Madrid, a 3 de maio de 2023

Néstor Rego Candamil

Deputado do BNG no Congreso



A LA MESA DEL CONGRESO

El diputado del **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, Néstor Rego Candamil, adscrito al GRUPO PARLAMENTARIO MIXTO, al amparo de lo establecido en el artículo 185 y siguientes del Reglamento de los Diputados, formula las siguientes **preguntas dirigidas al Gobierno para su respuesta escrita relativas a la regeneración y saneamiento de la Ría de Betanzos.**

La Ría de Betanzos lleva años esperando por su saneamiento integral. A pesar de que se incluye dentro de la Red Natura 2000 y que se encuentra en plena Reserva de la Biosfera das Mariñas y Terras do Mandeo, los vertidos siguen produciéndose continuamente sin ninguna consecuencia y sin solución de futuro.

Desde distintas administraciones, incluía la Xunta de Galiza, se reconocen puntos de vertido a la ría en los distintos concellos como Miño, Betanzos o Bergondo, donde es sobradamente conocido el funcionamiento incorrecto de las depuradoras existentes que, en muchos casos, no diferencia entre pluviales y fecales, así como la carencia de tanques de tormentas que provoca problemas en las redes de saneamiento en las épocas de lluvia. También debe destacarse el deficiente saneamiento de otros concellos como el de Paderne, que carecen de sistema de depuración propio y donde se cuenta tan solo con decantadoras.

La Ría de Betanzos no sólo es una importante área natural que debe ser regenerada y protegida, sino que cuenta con un alto potencial productivo sobre todo en acuicultura. En la actualidad existe actividad extractiva de marisqueo con cuatro polígonos, explotados por la Cofradía de Miño, dos de ellos catalogados como zona B por la contaminación del agua, una zona C y una C estacional. Esta situación provoca una evidente pérdida de empleo en el



sector del marisqueo que, de contar con las condiciones óptimas, podría tener un mayor desarrollo.

La mala calidad del agua y el deber de enviar el marisco a la zona de reinstalación en la parte externa de la Ría de Ferrol impide que crezca la actividad extractiva por las evidentes pérdidas que genera.

Sin embargo, los Presupuestos Generales del Estado no han previsto ninguna actuación para la mejora de la calidad de las aguas en la Ría de Betanzos ni ninguna acción concreta para la mejora del saneamiento en los distintos concellos bañados por la Ría de Betanzos.

Por los motivos expuestos, el BNG formula las siguientes preguntas al Gobierno:

1. ¿Tiene previsto acometer alguna actuación para la mejora de la calidad de las aguas en la Ría de Betanzos que necesita de forma urgente implementar medidas de depuración y saneamiento que permitan el uso de las playas y la recuperación de bancos marisqueros?
2. De ser así ¿Cuáles son estas acciones previstas? ¿en qué fase de tramitación se encuentran y cuándo se prevé su puesta en marcha?

Madrid, a 3 de mayo de 2024

Néstor Rego Candamil

Diputado del BNG en el Congreso